



En Boiro, sendo as 14:10 horas do día 15 de novembro de 2017, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

**Ausentes:**

Chouza, Carlos  
Gómez, Guadalupe  
Pimentel, Manuel

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Información sobre a actualización de programas nos equipos informáticos do centro.
3. NOFC:
  1. Nova redacción das NOFC na que se incorporan os protocolos de recollida de alumnado aprobados polo claustro e o consello escolar o día 23 de outubro de 2017.
  2. Información sobre a adaptación das normas do centro ao que establece o decreto 8/2015 de convivencia e participación no que atinxe aos integrantes da comisión de convivencia.
  3. Información sobre a modificación do punto 8.2.1 das NOFC.
4. Proposta dos departamentos de Historia e Inglés para o establecemento de criterios á hora de nomear titores.
5. Plan de pendentes. Organización e datas (xefatura de estudos).
6. Valoración da FPB (departamento de orientación).
7. Rogos e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 2 de outubro de 2017.

2. Información sobre a actualización de programas nos equipos informáticos do centro.

O director informa de que se vai proceder a unha actualización dos programas de informática que se atopan nos equipos do centro. Por defecto estes programas serán de licenza libre e gratuítos, salvo que os departamentos, motivadamente, soliciten a compra de licenzas privativas.

Tamén se informa de que aqueles ordenadores con sistemas operativos windows, dos cales as licenzas non estean en regra, serán substituídos por distribucións de linux, agás que os departamentos, motivadamente, soliciten a compra da correspondente licenza.

3. NOFC

O director informa, primeiro, da inclusión nas NOFC dos protocolos de recollida de alumnos/as aprobados polo claustro e o consello escolar o día 23 de outubro de 2017; segundo, da proposta de adaptación das normas do centro ao que establece o decreto 8/2015 de convivencia e participación no que atinxe aos integrantes da comisión de convivencia; terceiro, da proposta de modificación do punto 8.2.1 das NOFC, mediante inclusión dun parágrafo no que se establece que independentemente do criterio cuantitativo establecido por defecto para a sanción das condutas leves ás normas de convivencia, a dirección poderá valorar a conduta e sancionala atendendo á gravidade do feito. Lémbrese aos membros da comisión de coordinación pedagóxica que estas propostas serán informadas positiva ou negativamente polo claustro, avaliadas polo consello escolar e aprobadas, de ser o caso, polo director.

4. Proposta dos departamentos de Historia e Inglés para o establecemento de criterios á hora de nomear titores.

O director traslada aos departamentos as propostas dos departamentos de Historia e Inglés para o establecemento de criterios para nomear titores. Prégase aos departamentos que os valoren e, no seu caso, fagan achegas. Este punto tratarase na próxima reunión da comisión de coordinación pedagóxica. O director lembra que todos os criterios que se aproben terán que quedar limitados ás disponibilidades de persoal que teña o centro.

5. Plan de pendentes. Organización e datas (xefatura de estudos).

A Xefa de Estudos fai un recordatorio das datas das avaliacións de pendentes, que serán 24-01-2018 para a 1ª avaliación, 18-04-2018 para a 2ª e 22-06-2018 para a 3ª (exclúese desta última data a 3ª avaliación de pendentes de 1º de bacharelato, que coincidirá coa avaliación final de 2º de bacharelato). Tamén lembra que corresponde aos xefes de departamento comunicar as datas aos alumnos/as afectados/as.

6. Valoración da FPB.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**IES Espiñeira**

Espiñeira s/n 15930 Boiro  
☎ 881 86 66 30 📠 881 86 66 38  
ies.espiñeira@edu.xunta.es  
www.espiñeira.es

O orientador, Antón Castro, lembra que a FPB pode fornecer de alumnado aos ciclos medios do centro. E por iso que propón buscar unha fórmula de coordinación para traballar aspectos concretos que faciliten a progresión nos ciclos medios a aqueles/as alumnos/as que proveñen da FPB.

O xefe de departamento de Electrónica, Juan Carlos Lorenzo, comenta, a propósito do dito polo orientador, que en primeiro de ciclo medio de instalacións e telecomunicacións están a traballar aspectos básicos de matemáticas.

7. Rogos e preguntas.

O responsable de Dinamización da lingua Galega, José Carou, solicita que se substitúa o ordenador do salón de actos, xa obsoleto, por un novo e que se revise o sistema de audio e megafonía. Juan Carlos Lorenzo, xefe de departamento de Electrónica, propón que esa revisión a faga o seu departamento, dado que hai unha materia de megafonía no ciclo e podería servir como prácticas aos alumnos/as.

A xefa de departamento de Relixión, Teresa Ferreirós, propón que os profesores/as non fagan coincidir a entrega dos traballos cos exames de avaliación e suxire como data máxima para a entrega dos devanditos traballos quince días antes.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 14:40 horas

O DIRECTOR

Asdo.: Lorenzo Fraga Montero

A SECRETARIA

Asdo.: M<sup>a</sup> JOSÉ GARCÍA RIVAS